3 1761 06681321 3

PQ
9464
P47
1886
t.2
c.1
ROBARTS

CANCIONERO POPULAR GALLEGO

CANCIONERO

POPULAR GALLEGO

Y EN PARTICULAR

DE LA PROVINCIA DE LA CORUÑA

POR

JOSÉ PÉREZ BALLESTEROS

Tomo II

127942
20/5-/13

MADRID
EST. TIP. DE RICARDO FÉ
Calle de Cedaceros, núm. 11
—
1886

Es propiedad.
Queda hecho el depósito que previene la ley.

AGRAVIOS [1]

1. Algún día era eu
d'o teu prato a mellor sopa;
agora son un veneno
d'os labios d'a tua boca.

2. As palabras, as palabras,
son de vento e valen pouco:
¡quixéchem' á min, Xuana, (quisísteme)
queres ensiguida outro!

3. Á tua nai xa ll'o dixen,
á teu pai vóull'o *dicer*, [2]

(1) La prosodia, como se habrá notado en el primer tomo es igual á la de la última edición de la Academia Española.
(2) Cerca de Vivero, provincia de Lugo. En la de la Coruña apenas se usa en esta terminación el verbo *dicir*.

á ti non che digo nada
fái o que che parecer.

4. Cómo queres que lle chame
á tua nai sogra miña,
e á tuas hirmás cuñadas,
¡si ti non queres ser miña!

5. Folla d'o *loureiro* verde (laurel)
non me trates ô desdén
que che estóu n'a miña casa
¡fáloch' e (1), non sei con quén!

6. Heiche de dar unha *tunda* (tollina)
e mais unha puñalada,
que me quitaches o *creto* (crédito)
e mais non ganache nada.

7 Ó outro lado d'o río
hay un amor que foi meu,
¡tan *axiña* me olvidaches! (pronto)
¡non ch'o merecía eu!

(1) *Fáloche:* háblote; dice lo mismo que si no llevara la última sílaba. Es forma frecuente en gallego.

8. Olvidácheme por probe
eu non me *asaño* por eso; (irrito)
n-a feira todo se vende
cada cousa n-o seu precio.

9. Paséi pol-a tua porta
miréi pol-a pechadura;
¡non me quixeche falar
eorazón de pedra dura!

10. Por dicir que sea probe
non teño mengua ningunha;
Nostra Señora m'aparte
a miña sangre d'a tua.

El número 1 fué obtenido en el partido judicial de Vivero, provincia de Lugo. El 2 y 4 en Santiago del Burgo y en otros puntos del partido judicial de la Coruña. Los números 3, 5, 7 y 8 cerca de Vivero, provincia de Lugo. El 6 en Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 9 y 10 proceden del mismo partido.

AGRÍCOLA

1. Vállache Dios pol-o arado:
cómo tès as gueifas tortas,
a barriga *coteluda*, (prominente)
e unha corcoba n-as costas.

Obtenido en las inmediaciones de la Corruña.

AGUINALDO

1. Déanol'o aguinaldo (1)
aunque sea pouco
un bo bacalao
e mais metá d'outro:
de postres compota
e tamén castañas
boenas y bien grandes
un molete enteiro
e un queixo de Flandes.
Dio-se lo pague, Señora
Dios queira que d'hoxe un ano
me dea usté *el* aguinaldo
con sus quiriditas manos.

Obtenido en Elviña, partido judicial de la Coruña.

(1) A veces se intercalan en el canto palabras castellanas que tienen equivalente en gallego, y aun versos enteros, como en el presente cantar. El colector ha respetado algunas incorrecciones.

AMOROSOS

1. Adiós, miña miniña,
eu á ti quéroche ben
estimaba de saber
si me ti (1) queres tamén.

2. Á fonte vou por augua, (2)
ô *muiño* por moer, (molino)
â casa tua por verte,
¡e nunca te podo ver!

3. Antón, divino Antón,
plumacho d'o meu soombreiro,
tráyote n-o corazón
com'o anillo n-o dedo.

(1) *Si me ti* (transposición frecuente en gallego).
(2) Se dice *ágoa*, *áugua* y *água*.

4. Antoniño, meu Antón,
meu *orelo d' apretar* (1)
ben te vin caer n-o *chan* (suelo)
non te *poiden* (2) levantar.

5. Á portiña de meus páis
teño unha silla de vidro
para sentárens' os guapos
que veñan falar conmigo.

6. As barandiñas d'a ponte
manéanse cando paso,
á ti soliña te quero
d'as demáis non fago caso.

7. As tellas d'o teu tellado
botan auga sin chover:
si queres qu' eu te queira
fáino ti por merecer (hazlo).

8. Candelero de tres luces
non derréta-lo metal,

(1) *Orelo:* orillo del paño ó bayeta que algunas hilanderas destinaban á ceñir la estopa ó lino en la rueca.
(2) Se dice *puden*, *púiden* y *póiden*.

si me ti tuveras lei
eu che sería leal.

9. Cando paso po-la porta
e n-a ventá non estás,
vou acortando o meu paso
por ver si t'asomarás.

10. Catro esquinas ten-o muelle
e catro ten a *badia*, (bahía)
e outras catro ten a cama
donde Farruco durmía.

11. Dáme d'a pera que comes,
d'a mazán un anaquiño,
de tua boquiña unha fala,
d'o corazón un cariño.

12. D'a miña *ventá* (1) ven vexo
o fondo que ten o mar,
tamén vexo os meus amores
e non lles podo falar.

(1) En Cerbo, provincia de Lugo, se dice *ventá* por ventana

13. *Déchem'* unha pera parda (dísteme)
ni-n-a comín ni-n-a dei,
téño a n-a faltriqueira
por non che (1) perder a lei.

14. Déchem'unha pera podre
nin-a dei nin-a comín:
¡por lle non perder a lei (2)
á quen no m'a ten á min!

15. Déixam'ir que teño prèsa
vou co'a auga de regar;
eche mañán, día santo
falaremos de vagar.

16. Delgadiña d'a cintura
com'a palla d'o centeo;
chégate á min, delgadiña,
que non teño outro remedio.

17. Dend'a Habana me mandaron
un cordón con cinco *nós*; (nudos)

(1) El *che* sustituye muchas veces al *te*, según se ha indicado más de una vez.
(2) En este verso hay una transposición muy frecuente en el dialecto.

¡nacemos un par'o outro
así o permite Dios!

18. De Rianxo, miña nai, (él, de Rianjo;
de Rianxo para Noya; (ella, de Noya.
de Rianxo, miña nai,
que se fai a festa toda.

19. Desde que non veño aquí
xa os camiños botan herbas
ahora veño á dicirche
si me das, o *si*, de veras.

20. Escribírach'unha carta
n-as alas d'un gorrión:
¡si ti me tuveras (1) lei,
cu che tería pasión!

21. Estimaba de te ver (2)
trinta días cada mes,
cada semana seu día,
cada día sua vez.

(1) *Tuveras* se dice también *tueras*.
(2) Igual á otra castellana, y semejante á una de las que figuran en el primer tomo del presente CANCIONERO.

22. Eu non te quero por rica (1)
que xa sei que no-n-a es,
quérote, miña Marica,
pol-o afeuto que me tés.

23. Eu paséi o mar á nado, (2)
queridiña, por te ver;
eu pasei o mar á nado
á pique de me perder.

24. Eu tirei unha laranxa
de Marín á Portonovo, (3)
dentro d'aquela laranxa
iba o meu corazón todo.

25. Eu xa sei que no-eres rica
que xa sei que no-n-a ès;
quérote por moreniña
e pol-a lei que me tès.

(1) Es una redondilla, caso poco común de los cantares gallegos.
(2) A causa de la repetición del primer verso, resulta como en el número anterior, otra redondilla.
(3) *Marín*, cerca de Pontevedra. *Portonovo*, de la misma provincia en la ría de Arosa.

26. Farruco, meu ha de ser,
qu'o eriéi de pequeniño;
e alguna lei m'ha de ter.

27. Farruquiño, meu amor,
estudía (1) para crego
será-lo meu confesor.

28. Fun â fonte buscar auga
sin ter gana de beber,
fun por ver os meus amores
¡deseaba de os ver!

29. Gracias á Dios que encontréi
o cestiño d'as *canelas:* (2)
¡a carta d'o meu amante
facía chorar as pedras!

30. Manoel, por verm'á min,
e yeu, por ver á Manoel;
Manoel por ver a rosa,
eu por ver o caravel.

(1) *Estudia* forma de acentuación corriente en gallego
(2) Canillas ó cañitas que los tejedores meten en la lanzadera después de que en ellas se devana el hilo, seda, etc

31. Meus olliños de pracer:
se naceemos un pr'o outro
¡qué ll'habemos de facer!

32. Miña nai, fágame a cea
si é que quere que ll'a coma,
que quero ir ver unha nena
antes qu'o luar se poña.

33. Moito me gustas en todo
moito me gustas, meniña:
doume Dios pequeno haber
¡que, se non, ti foras miña!

34. Moito me tarda domingo,
domingo moito me tarda;
moito me tarda domingo
por ver a Manuel del alma (1).

35. Namoreime d'a laranxa
porque ten a casca dura,
namoreime en tí meniña
porque che vin a *cordura* (formalidad).

(1) No es nuevo la intercalación de alguna frase castellana en los cantares gallegos, como no lo es, el hallarlas latinas y gallegas en poesías antiguas castellanas.

36. Non quero nada d'as vilas
nin quero d'o meu lugar,
quero unha nena garrida
qu'atopei preto d'o mar.

37. Non sei como non frorecen
as pedras d'a tua calle,
¡*c'o regar* (1) de quen-as rega!
¡c'o barrer de quen-as barre!

38. No outro lado d'o río
oín cantar unha merla;
ech'a (2) miña quiridiña
qu'anda collendo n-a herba.

39. N-o teu coliño (3) durmín
n-os teus brazos descanséi
non digas que me olvidache
que fun eu quen t'olvidei.

40. Nena que t'estás *peitcando* (peinando)
debaixo d'o limoeiro,

(1) En esta frase la *o* con la *c'* que la precede equivale á *en virtud del*.
(2) *Eche* equivale á *te es*, por ser muy común en castellano el uso del enclítico *che*.
(3) *Colino*: diminutivo, en sentido cariñoso, de regazo.

ese pelo que che cài
véndem' o pol-o diñeiro.

41. Non me podo despedir
d' esta Curuña (1) famosa
d' unha nena cigarrera
d' a Frábica d' a Pallosa. (2)

42. Non quero qu' a miña nena
se durma e qu' a arrole outro:
quero que durma n-a cama
durma moito durma pouco.

43. O *alcipreste* non se rega (ciprés)
porque n-a lentura nace:
amor firme non s' olvida
por mais traballos que pase.

44. O amor quer que o roguen,
eu non roguéi á ninguén;

(1) En gallego dicen *Cruña*, pero en los cantares que se oyen cerca de las poblaciones mayores, es muy común la alteración de las formas con tendencia á la imitación de las castellanas.

(2) La *Palloza*, nombre del lugar en que está la Fábrica de tabacos de la Coruña.

arrenego d'o amor
qu'a poder de rogos vèn.

45. O caravel cando nace
logo *cheira que recende;* (1)
non hai cousa máis humilde
que o amor cando pretende.

46. O cariño que che teño
e mais o que ch'hei de ter,
cabe n-a *folla d'o olmo* (2)
e mais no-n-a ha de *encher* (llenar).

47. Oín dicir mal de tí,
caleime e non dixen nada;
¡que, m'habían de dicir
qu'era parte apasionada!

48. Olvidart'a ti por outro,
eso non é pr'o meu peito;
olvidar outro por ti,
¡eso, xa ch'o teño feito!

(1) *Cheira qu'arrecende:* huele y agrada; se dice también *cheirar ben. Cheirar*, sólo se aplica á lo que huele mal.
(2) *Casca d'un ovo* dicen otros.

49. O meu corazón che mando
e unha chave pra o abrir;
nin eu teño máis que darche
nin ti máis que me pedir.

50. O namorar vai n-os ollos:
eu, non sei cál será meu...
¡será ben amar á todos!

51. Ont'â tarde dend'a herbeira
aceneiche c'o fouciño; (1)
si me viche e non viñeche...
¡valla ô diaño teu cariño!

52. O primeiro qu'é o ver
a prenda qu'eu máis deseo
soñando estóu dend'aquí
soñando estóu que a vexo.
O segundo qu'é o oir
latexar d'o corazón,
penso que pouquiño a pouco
lle vou tomando afición.
O terceiro qu'é gustar,
ben ves que non pode ser

(1) *Aceneiche:* te hice señas. *Fouciño:* hoz.

estando *lonxe* de ti (lejos)
sin te poder ir á ver.
El cuarto que es tocar
eu de eso nunca uséi
quero que un certo [1] sepa
que, nunca o miraréi.
O quinto que é *cheirar* (olfatear
as *flores* d'a tua horta
primeiro que d'él me olvide
hanme chegar á ver morta.

53. Os ollos requeren ollos;
o corazón, corazón:
o pano d'o teu *mantelo* [2]
requere o d'o meu calzón.

54. Pol-a tua porta pasa
un *reguciro* d'auga fría (arroyo)
para lle dar de beber
ôs amores d'algún día.

55. ¡Quén me dera *aas* ter! (alas)
as alas d'un perdigón,

(1) *Un certo* omitiendo sujeto ó *unha certa* omitiendo la persona, son formas frecuentes en gallego.
(2) Gran delantal de paño. Este cantar es casi igual á otro que aparece en el primer tomo del presente CANCIONERO.

para *escrebirll'* (1) unha carta
á meu quiridiño Antón.

56. Rapaza, d' o teu *hortelo* (huerto)
eu seréi ó hortelán,
anque toda a vida ande
c'o *meu sachiño* n-a man (mi sachito).

57. Rapaza que fuche miña,
ahora (2) véñote á ver:
á saber ahora veño
si queres volvelo á ser.

58. Séntate aquí, miña prima,
ti n'unha pedra, eu en outra;
axudarásme á lavar
unha cestiña de roupa.

59. Si me queres, quererеite;
non me querendo, n-hai nada;
olvidar, olvidareite;
amor con amor se paga.

(1) En otras partes dicen *esquirbirlle* por una transposición de la *r*, muy frecuente en el gallego.
(2) Ahora, se dice en gallego *agora*.

60. Teño un castaño moi alto
n-o tronco ten mil enredos,
tampouco os enamorados
poden tel' os ollos quedos.

61. Ti ere-l-o meu enredo:
por mor de ti (1) n-oyo misa
nin sirvo á Dios como debo.

62. Ti d'un lado e eu d'o outro
témol-o río n-o medio;
¡pasame n-o corazón,
qu'eu te levaréi n-o peito!

63. Tres días hai que non como
se non *bagoiñas* (2) por pan;
¡ese che é o desaúno
c'os teus amores me dan!

64. Unha noite moi escura:
morre a luz ô meu amante;

(1) *Per mor de ti*: por tu causa
(2) Diminutivo de lágrimas, usado en acepción de ternura y no de tamaño, lo cual es frecuente en el gallego, como llevamos dicho

¡queira Dios qu'o día veña
e o *luceiro* se levante! (el sol).

65. Unha vela se consome [1]
cando a deixan arder;
o mesmo lle pasa á un home
cando quer á unha muller.

66. Vámonos d'aquí, meu ben,
vámonos d'aquí, qu'é hora;
á todo-l-os namorados
váisell'o tempo en parola.

67. Vamos á rac-l-o *pan;* [2]
ti levarás unha rosa
y un caravel eu n'a man.

68. Voume por aquí abaixo
ô pe d'a auga que corre;
por celos d'unha madama
non han de matar á un home.

(1) Redondilla: caso poco común en los cantares gallegos, según queda dicho.
(2) Se usa, *o pan*, por *el trigo* todavía en la planta. *Raer* equivale á restregar, con instrumento áspero semillas en la vaina, yerbas, etc.

69. Voume por aquí abaixo
peíño, diante *peíño*, (pieeecito)
á ver si podo encontrar
á *Xulián de Baliño*. (1)

Los números 1 á 3 y 13, fueron obtenidos en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña y Betanzos. El 4, 19, 20, 54, 55, 57, 58 y 59 en Cerbo, cerca de Vivero, provincia de Lugo. Los 5, 6, 7, 12, 30 y 40 en el partido judicial de Vivero, provincia de Lugo. Los números 8, 14, 15, 16, 29, 31, 33, 34, 35, 37, 44, 47, 50, 66 y 69, fueron obtenidos en varias parroquias del partido judicial de Betanzos. El 21 en Palavea, próximo á la Coruña. Los 22 y 23 en la Coruña. El 41 en la Coruña y en Sada, del partido judicial de Betanzos. El 52 en Betanzos, provincia de la Coruña. El 53 en Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 56 en Mondoñedo, provincia de Lugo.

(1) Alude á un antiguo habitante de Santa María de Ois, Ayuntamiento de Coirós, en el partido judicial de Betanzos.

ANIMALES, PLANTAS Y FRUTAS

1. Alá n-o medio d'o mar
hay unha *chocolateira*, (1)
rodeada de craveles
e n-o medio unha roseira.

2. Alá vai, vela alá vai
a raposa pol-o prado;
alá vai, vela alá vai
c'o rabiño levantado.
Alá vai, vela alá vai
a raposa po-l-o millo,
ela comer no-n-o come
pero vai-n-o destroindo.

(1) Vasija pequeña y estrecha, ordinariamente de barro.

3. Alto pino, alto pino
qu'ô ceo chegou a rama;
non me derrames o pino
que me derramas a alma.

4. Alto pino, alto pino,
qu'ô ceo chegou a rama;
debaixo d'o alto pino
tiña meu amor a cama.

5. A miña galiña branca
tróuguena de *Piadela;* (1)
o galo d'o meu viciño
non me sale *cabo* d'ela (cave).

6. A probe d'a besuga
iba n-a procesión
cuberta c'unha mantilla
porque non tiña mantón,
e iba dicindo:
« Adiós, meu Carnavaliño, (2)

(1) San Esteban de Piadela, parroquia del partido de Betanzos.

(2) *Carnavaliño* rara vez se dice en gallego, pues la palabra *antroido* equivale casi siempre á *carnaval*.

miña nai nou matóu *cocho* (cerdo)
por non me dar ó touciño.

7. Aquel pícaro de merlo (1)
¡ onde foi poñer ó *niño*! (nido)
n-aquel alto *ramilloiro* (ramaje)
n-aquel alto *ramalliño* (rama).

8. Arriba, *carballo* torto, (roble)
inda t'hei de *endereitar* (enderezar)
inda ch' hei de quitar leña
para facer ó *xantar*. (2)

9. As peras d'o meu peral
todiñas m'as van levando,
unha á unha, duas á duas,
sin elas me vou quedando.

10. A raís d'o toxo prende
anque sea n' unha braña (3)

(1) *Merlo:* mirlo. En otras partes dicen *melro*, anteponiendo la *l* á la *r*, como acontece en otras dicciones, como *pelra*, *bulra*, en lugar de perla y burla.
(2) Comida ó yantar.
(3) *Braña:* se aplica este nombre á los prados que tienen agua ó humedad.

tamén os meus ollos prenden
n-o corazón d' unha dama.

11. As rapazas d' esta aldea
cando van pastar o gando,
van recoller as mazáns
d' os mazanceiros d' o amo.

12. Cabaliño como o meu
non-o ten o rei de España;
para mudar unha perna
necesita unha semana.

13. Coloradiña é a guinda
por donde lle da o sol;
por donde lle da a augua
non ten nada de color.

14. Debaixo d' a escaleira
d' o señor Gobernador
hai unha parra con uvas:
¡quén será o vendimiador!

15. Debaixo d' o pino verde
ten Rosiña a sua cama;

cando se foi á deitar
colgou o candil n-a rama.

16. Estimara de saber
donde a rula ten o niño:
¡téñoo n-a horta d'o cura
n-o máis alto carballiño!

17. Eu ben vin andar o merlo
dende salgueiro á *salgueiro* (sauce)
càsa aquí, càsa acolá,
¡o merlo sempre solteiro!

18. Eu ben vin estar o *moucho* (mochuelo)
n-a punta d'un *abeneiro* (1)
co-a *subela* n-a man (lesna)
deprendendo á zapateiro.
Eu ben vin estar o moucho
n-a punta d'unha figueira
con unha agulla n-a man
deprendendo á costureira.
Eu ben vin estar o moucho
n-o medio d'aquel pinar

(1) Se dice también *ameneiro* y significa aliso ó abedul.

estas palabras dicindo:
« que se quería casar ».
Como non tiña muller
â *laberca* foi chamar (alondra ó calandria)
ela ô velo tan fachoso
non se lle quixo acercar.
Él, como estaba tan louco
por se querere casar
non encontróu a laberca
e túvoa que olvidar.
— Eu vóucheme retirando,
que teño que traballar;
qu'eu par'o meu casamento
perdo o tempo n-o esperar.
— Quédate con Dios, mouchiño,
adiós, valente *larpeiro*, (goloso)
ti atende á traballar,
n-o oficio de zapateiro.

19. Indo po-lo mar abaixo
picóum-un peixe n'un pe;
si m'o picóu, qu'o picase,
si m'o picón, fixo ben.

20. Mariana ten un galo
cantu com'unha galiña;

cando Mariana está *choca* (clueca)
o galo ten c...rría.

21. Mariana ten un galo
canta com' unha galiña;
dám' o, Mariana, dám-o,
dám-o pol-a tua vida.

22. Meu compadre ten un *niño* (nido)
e no-n-o quere inseñar,
formiguiñas (1) de cen leguas,
ídeo todas visitar (ídlo).

23. Miña nai de pequeniña
mandoume co-as ovellas,
o volpe coméum' un año (2)
aquí lle trayo as orellas.

24. N' o mar, anda un pescado
que se chama o besugo
e tamén hai rodaballo,
pero, coma ti *ninguno*.

(1) *Formiguiñas:* hormiguitas.
(2) *Volpe*, zorro; *año*, cordero.

25. —Nena, que vendes as peras,
¿cántas che mandaron dar?
—Para ti, meu quiridiño,
non m'as mandaron contar.

26. Non ch'as quero, non ch'as quero
castañas d'o teu magusto; (1)
non ch'as quero, non ch'as quero
que me cheiran á *chamusco* (quemado).

27. Non quero armar ô merlo
donde outros teñen armado;
chámanlle «tempo perdido»
e mai-lo corpo crebado.

28. O caravel cando nace
trae á folla revirada,
que ll'a revirón o aire
unha mañán de *xiada* (helada).

29. O carballo d'a Illana, (2)
ten á folla revirada

(1) *Magusto* y *magosto* se llama la reunión de personas que se entretienen en asar y comer castañas con su huésped.
(2) *Illana*, feria mensual, Ayuntamiento de Curtis.

que lí'a revirón o vento
unha mañán de xiada.

30. O carballo d'o Galleiro
heino de mandar cortar;
cando vou pra Redondela
quítame á vista d'o mar.

31. O merlo e mai-la merla
iban pol-o prado abaixo;
a merla como é pequena
escorreu, cayeu debaixo.

32. O merlo e mai-la merla
iban po-l-o prado arriba,
o merlo iba dicendo (1)
¡qué ben ch'está a mantilla!

33. O meu paxariño, nenas,
voa n-o voso arboredo, (vuela)
correndo de pola en *pola* (rama)
brinca n'a pola d'o medio.

(1) *Dicendo:* así oyó esta palabra el colector en Abegondo, partido judicial de Betanzos.

34. O piollo estaba malo,
a pulga estaba parida;
o ladrón d'o *escarrapacho* (garrapato)
tiña a espenilla (1) caída (tenía).

35. Para cuñas pau de *toxo*, (aliaga ó aulaga)
para fungueiros (2) *carballo*, (roble)
para conserval-os sapos
unha mañán de orballo. (3)

36. Paxariño millarengo
que andas n-a punta d'o toxo:
¡quén che quer mal, queridiño!
—Aquela d'o pelo roxo.

37. Paxariño millarengo
qu'estás n-a punta d'o toxo:
tóma, lévall'esta carta
âs nenas d'o pelo roxo.

(1) *Espenilla* (*espiñuela* en otros puntos de la provincia) equivale á lo que en castellano se llama *paletilla* en la acepción de cartílago especial de la boca del estómago que le defiende y favorece la digestión. Cuando se relaja, dice el vulgo *caíuse'a paletilla*; y emplea para *levantarla* de una ventosa y un emplasto confortante.

(2) *Fungueiros*: palos altos clavados en las carretas para asegurar la carga.

(3) *Orballo*, niebla húmeda.

38. Pol-o mar abaixo
vai un pexegueiro (1)
que dá os *pexegos* (duraznos)
n-o mes de Xaneiro.

39. Po-la mar abaixo vai
un ramiño de *loureiro:* (laurel)
ténte, ramiño, non cayas,
arrímate á un mariñeiro.

40. Rosa branca, cólle brío,
non vayas tan amayada (2)
que ch' han dicir *as mais* rosas: (las demás)
«rosa branca non val nada».

41. *Ruliña* que vas voando, (tortolilla)
¿dónde vas facer o niño?
n-as *carballeiras* d' o *Abia* (3) (robledales)
n-o máis alto carballiño.

42. Sete *petos* ten a peta (picoteros)
n-o burato d' unha trabe (4)

(1) *Pexegueiro:* durazno, árbol. A diferencia del castellano tiene el gallego otra voz para el fruto: *péxego*.
(2) *Amayada:* descolorida ó abatida.
(3) Rivadavia, provincia de Orense.
(4) *Burato:* agujero. – *Trabe:* tronco ó viga.

malas nacidas [1] me maten
si che non conto verdade.

43. Si esta casa fora miña
como é d'estes señores
aquí n-o medio d'a sala
prantara un xardín de frores.

44. Teño unha galiña branca
que me veu de Redondela:
d'a miña comadre, o galo,
¡non me veña dar con ela!

45. Unha pera, duas peras,
que no ten máis a pereira,
unha será par'o xastre
outra par'a costureira.

46. *Vreño* de ver o meu liño (vengo)
que me da po-la cintura
non sei si é liño si é herba;
bagaña non tèn ningunha (mala semilla).

(1) *Nacidas*, heridas de la pústula maligna.

47. Vóuchem' â veira d'o río
á ver o qu'as *troitas* fan (truchas)
a que non cai â miñoca (1)
ha de caer ô galbán. (2)

Los números 1, 6, 17, 21, 23, 24, 34, 36, 37, 38, 39, 40, y 46, fueron obtenidos en Vivero, provincia de Lugo. Los 4, 5, 15, 27, 29, 31, 32 y 47, en varias parroquias del partido judicial de Betanzos. Los 7, 22 y 34, en varios puntos del partido judicial de la Coruña. Los 25, 33 y 35 conocidos en varios puntos de las provincias de Lugo y Coruña. El 31 conócese en toda Galicia.

(1) *Miñoca:* lombriz de tierra.
(2) *Galbán:* gusanillo para el cebo en la pesca.

ARITMÉTICA

1. Catro, e cinco, fan nove,
par'a *ducia* faltan tres; (docena
chorache̊s porque me fun
aquí me tès outra ves.

2. Eu teño sete xustillos,
e sete que me han de dar,
sete e sete son catorce
¡amores n-han de faltar!

3. Unha casa con cèn vigas
cada viga cèn galiñas
cada galiña cèn polos
entre picos e uñas
¿cánto son por todos?

El número 1 fué obtenido en la Coruña. El 2 en Santiago de Compostela y en Abegondo, del partido judicial de Betanzos. El 3 en Santiago del Burgo.

ASTROS

1. Ó sol chámanlle Lourenzo,
e â luna Margarida;
Margarida anda de noite
e Lourenzo pol-o día.

2. Vámonos d'aquí qu'é hora (1)
vámonos d'aquí qu'é hora
vais'o carro d'as estrelas (2)
eu non quero dormir fora.

El número 1 fué obtenido en Cines, partido judicial de Betanzos.

(1) Esta copla se canta con la repetición del primer verso; pero, en rigor, es un *terceto*, y así lo oyó cantar, aunque una sola vez, el colector.

(2) *Carro d'as estrelas.* —Alude á la constelación conocida con el nombre de «El Carro».

AUSENCIAS

1. Antoniño, meu amor,
Antonio, meu repinaldo,
o día que te non vexo
non podo comer o caldo.

2. Cartas me viñeron, cartas,
cartas d'o meu queridiño,
cartas me viñeron cartas
que morreron n-o camiño.

3. Meu amor, meu amoriño,
¿ónd' estás que non te vexo?
¡mórrome de *suidades* (soledades)
e día e noite en ti penso!

4. Meu corazón ¿por ónd' andas?
meu corazón, ¿por ónd' andas?

¡non hai tinta nin papel
cando cartas non me mandas!

5. Miña terra, miña terra,
miña terra y eu aquí;
¡anxos d'o Ceo, leváime (ángeles)
â terra dond'eu nacín!

6. Neniñas d'a miña terra,
¡quén me dera aquí algunha!
n'esta terra non conozo
sinón o sol e a luna
sinón sol e mai-la luna. (1)

7. Non podo eo'as soledades
agolletar (2) o xustillo;
que me quedan meus amores
n-a outra banda d'o río.

8. Ónd' ides, amores meus,
os d'a *Porta de Caranza* (3)

(1) Se canta de los dos modos. Es muy semejante la número 12.
(2) *Agolletar:* poner los cordones.
(3) En el Ferrol.

¡ai! que m'os levóu o vento
co-a fragata *Numancia*. (1)

9. Os soldados vanse, vanse,
vanse por Cudeiro arriba,
as rapaciñas d'*Ourense* (Orense)
choran que cortan a vida.

10. Paxariño que voando
levas o aire lixeiro,
toma este papeliño
qu' has de ser meu mensaxeiro.

11. Quén me dera *aas* (2) ter
as alas d'unha perdís
para escrebirll' unha carta
á meu querido Luis.

12. Quén me dera estar ahora
onde teño o pensamento,

(1) Última nave que mandó el valiente marino Méndez Núñez y primera de las acorazadas que han dado la vuelta entera al mundo En el combate del Callao llevó la insignia de aquel Almirante, hijo de Galicia

(2) Se dice *aas* y *alas*

n-o mesmo muelle d'Habana
falando con meu Rosendo.

13. ¡Rapazas d'a miña aldea!
¡quén che me dera á min unha!
aquí non conozo á nadie
sinón o sol e a luna.

El número 2 fué obtenido en la Coruña y en Ares, partido judicial de Puentedeume. El 4, 5, 6 y 7 en varios puntos del partido judicial de Betanzos. El 13 en Abegondo, del mismo partido de Betanzos.

BAILE Y MÚSICA

1. A pandeira toca ben
as ferriñas (1) danll'o son
as rapaciñas d'o Burgo
eu diréi quen elas son:
«delgadiñas d'a cintura
alegres d'o corazón».

2. Ás dúas qu'andan n-o baile
vistidiñas de zaraza
¡quén me dera perguntarlles
quén lles gobernaba a casa!

3. As dúas qu'andan n-o baile,
as dúas parecen ben;

(1) *Ferriñas*, que en muchos puntos dicen *ferreñas*, equivale á sonajas, ó sea, las rodajas pare., de hojadelata, sostenidas con alambres en los huecos de un aro semejante al de un cedazo ó criba.

unha parece unha rosa
outra parece un *clavel.* (1)

4. As nenas d'a Cruña
que gastan mantón
asentaron plaza
n-o meu batallón.

Antón era eu
andaba n-a danza
non sei que lle deu. (le dió)
Non sei que lle deu (2)
nin que ll' ha de dar;
teño os meus amores
n-a veira d'o mar.

Neniñas d'a Cruña,
alegravos todas,
que veñen as fabas
e as patacas novas.

Antón era eu, etc.

Nenas d'o *rueiro*, (3)

(1) Generalmente se dice *caravel* y *cravel*; pero no es raro ver usada la forma castellana en algunos cantares gallegos.
(2) *lle deu* tiene otra forma: *lle dou.*
(3) Grupo de casas formando calle: punto de reunión para cantar y bailar.

eu ben vos entendo
vós queredes gaita
y eu no-n-a teño.
Antón era eu, etc.

Vós queredes gaita
tamboril e todo
quen vo-lo *trouxera* (1)
sería un gran tolo.
Anton era eu
andaba n-a danza
non sei que lle deu, etc.

5. Báile, señor bailador,
menée ben eses pès
qu'está dicindo a sua dama:
«non me pillas outra ves».

6. Cantade, nenas, bailade,
sacodide o farroupeiro;
qu'a que non canta niu baila
e a que *se* (2) da primeiro.

(1) Se dice también *trouguera*.
(2) Sustituye, á veces, al *se* el artículo *o*.

7. Esta guitarra é de pino,
as cordas son de metal,
e o muchacho que a toca
de *Ares* (1) é natural.

8. Este pandeiro que toco
é de coiro de cabrito,
que foi morrer á *Monfero* (2)
c'unha carracha (3) n-o bico. (4)

9. Este pandeiro que toco
é de pelexo d'ovella;
inda *onte* comeu herba, (ayer)
e hoxe toca que rabéa.

10. Este pandeiro que toco
era de coiro d'ovella;
que morrera de morriña,
que de morriña morrera.

(1) Puerto en la ría del mismo nombre, partido judicial de Puentedeume.
(2) Ayuntamiento del partido judicial de Puentedeume.
(3) *Carracha:* garrapata del ganado.
(4) *Bico* en el sentido de labios. Dicha palabra se aplica á veces en significación de *beso*.

11. Este pandeiro que toco
non é meu qu'é de Marica
que *ll'o fun* pidir prestado, (se lo fuí)
para ir á romaría.

12. Héiche de tocal-as conchas
miña carrapucheiriña, (1)
heiche de tocal-as conchas
n-aquela corredoiriña. (2)

13. Marica non ten pandeiro
para ir á romaría;
compraráll'o, traguerálll'o,
compraráll'o sua tía.

14. O baile de *Río de Quintas*
¡moito víva! que-n-o houra;
as nenas de *Palavea*
e máis as de *Pedra Longa*. (3)

(1) *Carrapucheiriña*: frase de alabanza y cariño.
(2) *Corredoira*, camino de carro entre muros ó ribazos; la forma *corredoiriña* tiene apariencia de un diminutivo, sin embargo, en gallego es usual en muchas más voces, pero en sentido cariñoso y no en el de pequeñez.
(3) Todos los lugares citados en este cantar pertenecen á la parroquia de Elviña, próxima á la Coruña.

15. O pandeiro toca ben
porqu' as ferreñas son novas
o rapás qu'anda n-o baile
vanll'a caé-l-as cirolas.

16. O señor cura non baila
porque di que ten corona;
báile, señor cura, báile
que Dios eso ll'o perdona.

17. Para cantar e bailar
Montouto (1) boa *sona* tèn, (fama)
¡Montouto xa ten a sona,
Montouto xa a sona tèn!

18. Para cantar e bailar,
nenas de *San Pantayón*: (2)
para cantar e bailar,
que para outra cousa non.

19. Sacarásnos, bailarásnos,
quitarásnos á bailar,

(1) En Abegondo, partido judicial de Betanzos.
(2) San Pantaleón, cerca de Betanzos, provincia de la Coruña.

s'a neniña (1) é bunitiña
tamé-n-a quero sacar.

20. Tiro-liro-líi-mi-ña-gaita
tiro-liro-líi-qué che falta;
tel-o viño n-a bodega
y o pantriguiño n-a arca.

21. Tócame *parrandeiriña* (panderetita)
tóca pol-a tua vida;
ô son d'a parrandeiriña (2)
vóume quedando dormida.

22. Tóca, miña pandeireta,
que si non vóut'á *rachar* (rasgar)
que me custaches bos cartos:
axúdam'os á ganar (ayúdamelos).

23. Tóca Naya, tóca Naya,
tóca Naya, tóca Cambre:
todo l-os homes pequenos
teñen a barriga grande.

(1) *Neniña*, literalmente traducido, dice, niñita; pero aquí está en equivalencia de muchacha.
(2) *Parrandeiriña*: no es usual en los partidos próximos á la Coruña.

24. Unha vella, moi ben vella,
d'a cabeza moi ben branca,
colléu unhas castañetas
e foi bailar unha danza.

25. Xan d'Outeiro toca a gaita
a muller o violín
os fillos tocan os ferros;
¡vaya unha cousa ruín!

26. Xan d'Outeiro toca a gaita
e a muller o violín;
os fillos andan dicindo
¡«miña nai, nunca tal vín»!

El número 1 fué obtenido en Palavea, cerca de la Coruña. El 3, en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña y Betanzos. El 2, 16 y 26 en Cerbo, provincia de Lugo. El 4, en la Coruña. El 7, 8, 9 y 13 en Ares, partido judicial de Puentedeume. El 10, 22, 23 y 24, en varios puntos del partido judicial de Betanzos. El 5, en Almeiras, partido judicial de la Coruña. El 12, en varios puntos de Galicia. El 18, en Cines, partido judicial de Betanzos. El 20, en Elviña, partido judicial de la Coruña. El 21, en Vivero, de la provincia de Lugo.

BURLESCOS

1. Adio-l-a feira de *Cambre*, (1)
feira de *pérdel'o* (2) tempo;
que por ela se pasean
catro cabezas de vento.

2. A miña muller é vella,
e de vella, (3) non tèn fillos,
heina de mandar colgar
n-unha *figueira* de figos. (higuera)

3. A miña muller, *Farruco*, (Francisco)
a miña muller pequena,

(1) A dos leguas de la Coruña.
(2) En la página 12 del tomo I queda indicado algo acerca de la sustitución que en el dialecto se hace de la *s* y la *r* por la *l*, como letra más eufónica.
(3) *E de vella*; equivale á «*y tan vieja es ó como es tan vieja*».

cháma ti por ela, Chuco,
cháma por ela que veña.

4. A miña muller, Farruco,
èch'unha cumprimenteira:
bebeu un *xarro* (1) de viño
comeu unha bola (2) enteira.

5. A muller de Roque Troque
anda bailando n-a eira:
¡Roque Troque está mirando
cómo a muller *se peneira!* (3)

6. A muller de Xan Guindallo
e mais outra *baltruteira* (4)
arrastróu á Xan Guindallo
pol-a sua borralleira. (5)

(1) También se dice *xerro*.
(2) *Bola:* femenino de *bolo*, bollo ó torta de pan, generalmente de maíz, cocida debajo del rescoldo del hogar, y de ahí el nombre de *bolo d'o lar*.
(3) Se zarandea como el cedazo al cerner.
(4) Saltadora con escaso decoro.
(5) *Borralleira:* cenicero colocado generalmente detrás del hogar. La *ceniza* se traduce en gallego *borralla*.

7. A muller d'o tío Laranxo
e mais outra galdrupeira (1)
tiraron ô tío Laranxo
debaixo d'a parrumeira. (2)

8. A muller d'o zapateiro,
por ben bonita que sea,
nunca deixa de tirar
c'os dentes pol-a correa.

9. Andas d'abaixo pr'arriba,
coidas que ninguén ch'o sabe; (piensas)
sábeo Dios e todo o mundo
e a *cadela* d'o abade. (perra)

10. Anque ch'estou en cirolas (3)
tamén teño calzoncillos:
¡seique non ès home, solo;
que citas os teus viciños!

(1) *Galdrupeira:* mujer despreciable y golosa.
(2) *Parrumeira:* el hogar de la gente campesina.
(3) *Cirolas:* especie de calzoncillos de lienzo ó estopa, de pierna corta y sin ceñir en los extremos. Generalmente asómase colgando algo más que el calzón de paño.

11. Antonciño foise, foise,
deu un tiro n-o Pastel, (1)
quedano dicindo as nenas:
¡màlas novas (2) váyan d'él!

12. Aquela vella d'o *deño*, (diablo)
atentada d'o pecado,
botóu un *rato* n-o pote (3) (ratón)
pensando qu'era un pescado.

13. Aquel que anda n-o baile
sacode ben os calzós:
¡quén lle dera dentro d'eles
un ferrado de *abellós!* (avispas)

14. Aquel que saleu ahora
tèn o pantalón *rachado;* (rasgado)
botádell'un remendiño
botádello colorado.

(1) *Pastel:* nombre de un lugar de la parroquia de San Juan de Pravio, partido judicial de la Coruña.
(2) *Màlas novas:* maldición de poca fuerza.
(3) *Pote:* olla de hierro con tres pies, destinada de ordinario á cocer el caldo.

15. As garelas de *Betanzos* (1)
cando van en prosisión
levan un gato por santo
e unha vella de pendón.

16. As miniñas de *Parada* (2)
¡sin pendentes n-as *orellas!* (orejas)
cando vèn o día santo
poñen cagadas d' ovellas.

17. As miniñas de *Rianxo* (3)
pagan as rentas ô cuco; (4)
eu, como son rianxeira,
«tócall'o pito, Farruco».

18. As mociñas de Mandayo
non saben tascar o liño;
e andan de porta en porta
«tásqueme este *afuxaliño*» (manojo de lino).

(1) Provincia de la Coruña; fué capital de una de las siete antiguas provincias de Galicia *Garelas* llaman por vía de mote á las de Betanzos; la significación propia de la voz se aplica á las perdices cuando están en celo.
(2) Ayuntamiento de Ois, partido judicial de Betanzos.
(3) Pequeño puerto de la ría de Arosa; pertenece al partido judicial de Padrón.
(4) *O cuco:* al cuclillo. Esta ave es de mal agüero para los campesinos.

19. As mociñas de Mandayo,
¡ai! vèlas acolá van
pol-o *carreiro d'a misa*, (1)
levan o *andar d'o cán.* (2)

20. As mociñas de Vilar
todas andan de *zagal:* (zagalejo)
d'elas todas, a millor, (3)
inda non vale un real. (aun no)

21. As rapazas de *Mandayo* (4)
non saben *fiar* a lan; (hilar)
e andan de porta en porta
c'o *guedelliño* n-a man. (vellón)

22. As rapazas de *Vilar* (5)
gastan algo de fachenda
¡â porta d'elas *non cantan* (6)
outros carretos de renda!

(1) El sendero próximo á la iglesia.
(2) Corriendo como perros.
(3) *Millor:* mejor. También se dice en gallego *mellor*, forma que se aproxima más á la latina.
(4) San Julián de Mandayo, partido judicial de Betanzos.
(5) Parroquia de Cines, Ayuntamiento de Abegondo, partido judicial de Betanzos.
(6) Es costumbre que los ejes de las carretas, á causa del

23. As rapazas de Vilar (1)
todas andan de *zagás* (sayas)
¡eses (2) son os *bois* e vacas (bueyes)
que lles pisan os *currás!* (corrales)

24. As señoritas d'ahora (3)
a moda queren siguir:
gastan cinturón de chapa
com'os d'a Guardia civil.

25. A vida d'os vagamundos
é unha vida real:
de mozos, pol-as tabernas;
e de vellos, n'o hespital.

26. Cálate, váite calado,
cara de limpá-l-as olas; (4)

roce de los «chedeiros» *canten* mucho: niéganse los carreteros á darles jabón, porque les sirve el chirrido de avisador en las veredas angostas, donde pudieran hallarse con otra carreta de frente que les interceptase el paso, y, aun añaden, que el ganado camina más contento con tan incómodo ruido.

(1) Esta copla empezó á cantarse con motivo del uso de sayas de zaraza de algodón encima del refajo sustituyendo al antiguo mantelo, prenda de vestir que forma parte del traje característico de la aldeana gallega, bastante adulterado ya merced al frecuente contacto con las poblaciones y al afán de imitar sus modas.

(2) El demostrativo plural masculino *esos* en castellano, tiene el equivalente gallego *eses*.

(3) Es contemporánea.

(4) *Cara de limpá-l-as olas:* cara sucia; frase de desprecio.

¡viñech' á perdel-o tempo;
non che son ningunha tola!

27. Cálate, vaite calado,
cara de sardiña cruda;
que pareces o meu porco
cando *solve a lavadura.* (1)

28. Casa chea de ventanas
mal pode tornal-o frío;
á un galán as moitas damas
fanlle voar o sentido. (2)

29. Comprach' unha *parlamenta* (3)
coidando que te casabas (creyendo)
ind'has comprala de seda
¡e quedarte como estabas!

30. Costureira siñorita:
se dis que te queima o sol
a *cortiza* está barata (corcho)
farémosch'un quitasol.

(1) *Lavadura:* agua grasienta y con desperdicios de manjares, que se destina á alimento de los cerdos.
(2) *Voar o sentido:* perder el juicio ó la razón.
(3) Esclavina corta, de paño, usada por las mujeres en la provincia de Pontevedra y, en Muros, en la de la Coruña.

31. Din que'a reina está ¿sentada?
que ten a barriga dura:
¡vai á traer para Mayo
un corvo e mais unha rula! (1)

32. Disque (2) t'andas alabando
¡cariña de *cheroubea!* (chirivía)
¡disque t'andas alabando
de que ere-l-a fror d'aldea!

33. Escóiten, — señores, (3)
qu'é un cacho — de rir
e hai pouco — papel:
falando — d'as bodas
d'un tal — Manoel,
casóu — con Mingota
gaivota — a filla
¡caracho!
de Martiño d'os facos
púlgatorio d'os lagartos.

(1) No es contemporánea. El interrogante del primer verso no se puso por duda, sino por *atenuación*
(2) *Disque* equivale á *dicen que*.
(3) Cerca de Vivero se cantan estos pobres versos, pronunciándose á prisa los dos últimos.

34. Esta casa sí que é casa,
as paredes de papel,
o señor amo de casa
me parece un coronel. (1)

35. Haber, heiche, (2) mandar unha,
por detrás d'un pau de toxo,
¡e non me has de negar
qu'es filla d'un *piolloso!* (piojoso)

36. Homiño (3) que sabes tanto
ti hasme de contestar:
¿qué astrelas hai n-o cielo? (4)
¿qué *areas* (5) hai n-o mar?

37. —Homiños d'a miña terra
¿qué levades á vender?
—ovos de galiña choca (6)
para vos dar de beber.

(1) Intercalación castellana.
(2) *Haber, heiche*, es locución genuina del dialecto.
(3) *Homiño:* aparentemente es diminutivo de *home*, pero aquí no está usado en sentido de pequeñez. Es una simple forma mimosa, común en el dialecto.
(4) *Cielo* es palabra castellana; en gallego se dice *ceo*.
(5) *Areas* se pronuncia *arcas* y significa *arenas*.
(6) *Ovos de galiña choca:* huevos de gallina clueca.

38. Houbo unha festa
en *Esteiro* (1)
e co-o *vieiteiro* (sauco)
non se vía o sol.
Si quitaras a *perrera* (2)
chica ferrolana
fórache millor.
—A perrera no-n-a quito,
nin tampouco o paletó
hastra que quiten os homes
a cadena d'o reló.

39. Manoel, Manoeliño,
pernas de gato-monteiro (3)
pensas engañar as nenas
engáñast'á ti primeiro.

40. Meu santo Bras d'a Diana
feito de pau d'*amieiro* (álamo)

(1) Arrabal de Ferrol. Este cantar y los siete versos del que le sigue son contemporáneos.
(2) Pelo corto cayendo hasta cerca de las cejas: moda actual que lleva diez ó doce años en uso.
(3) *Gato-monteiro:* Gineta ó Civeta, especie de gato color ceniciento y manchas negras longitudinales en la piel.
El Instituto de la Coruña posee algún ejemplar cogido cerca de Santiago del Burgo, á ocho kilómetros de la capital

hirmán d'as miñas galorchas (1)
criado n-o meu *lameiro* (lodazal).

41. Miña madre é chicolate
e meu pai chicolateiro:
miña nai lambe as *cazolas* (cazuelas)
e meu pai lambe os pucheiros.

42. Miña nai, parida d'hoxe;
meu pai, parido d'ayer;
¿quén (2) han de ser os compadres
d'o home e mais d'muller?

43. Miña *sogra* cando reñe (suegra)
pònse n-o medio d'a casa; (pónese)
ela dime: «sált-á fora»;
eu digo: «¡tèn boa traza!»

44. Miña sogra morreu onte,
Dios lle déa a groria santa;

(1) *Galorchas:* zapatos estropeados.
(2) En gallego la palabra *quén* sirve para el singular y plural á diferencia del castellano que tiene *quién* y *quiénes*.

que me deixou por *herdeiro* (1)
d'os remendos d'unha manta.

45. N'aldea de Palavea
non entra *carro ferrado*, (con herrajes)
sinón o de Mantiñán
e'unha *porca* pol-o rabo. (cerda)

46. O capucho de Perucho
po-la mar abaixo vai;
si Perucho non parece
dentro d'o capucho vai.

47. O cura vendéu, vendéu,
e non *tiña* que vender; (tenía)
vendéu o rabo d'a besta
¡borrachón! para beber.

48. O dous de *Nadal*, (Navidad)
con vento d'o alto,
morréusell'a cabra
á Don José Pardo. (2)

(1) Se dice también *hardeiro*.
(2) Contemporáneo, cantado cerca de Ares

49. O rei mandóu unha carta
dentro d'un figo maduro:
qu'as mulleres beban, viño,
e-os homes, mexo de burro.

50. Os dous qu'andades bailando
parecédesme moi ben:
un, *mesmo* (1) parece o pote;
outro parece a sartén.

51. Os meus criados,
catro cousiñas
quero qu'*ouserven:* (2)
« *deitarse* tarde (acostarse)
erguerse *cedo* (temprano)
comer pouquiño
e andar alegres. »

52. Os rapaciños d'ahora
son un fato de *lambós*, (glotones)

(1) En gallego es frecuente el uso del adjetivo *mesmo* (conocido en el castellano antiguo), en concepto de adverbio, circunstancia que trasciende al lenguaje castellano de los hijos del país. Otras veces hace el papel de pronombre demostrativo.
(2) Las sílabas castellanas *ob*, *ac* y alguna otra, se pronuncian en gallego con sonido de *u*, como en *ouserven*, cuya pronunciación se hace notar en el habla castellana de muchos hijos del pais.

van comer as empanadas
á debaixo d'os balcós.

53. Pensas que che quero ben
porque miro para ti;
¡así Dios me leve a alma
cómo me río de ti!

54. San Amaro d'a Portela
ten unha pipa ô torno;
qu'as mulleres beban viño,
y os homes beban un corno.

55. San Antonio d'a Cabana
ten unha pipa n-o monte,
pra qu'os homes beban viño
e elas auga d'a fonte.

56. Teño unha herba n-a horta
que se chama *Celedonia;* (1)

(1) El colector oyó por primera vez, entre campesinos, á una muchacha de Cerbo, partido judicial de Vivero, el nombre de esta hierba; pues en gallego se la llama *herba d'a andu-*

¡para contestar conmigo
douche Dios pouca memoria!

57. Teño unha herba n-a horta
que lle chaman escarola;
os rapaciños d'ahora
non queren si non parola.

58. Teño un niño de *paxáros* (1)
aló n-o mar d'o *Orzán* (2)

viña (ó golondrina) y á la Celidonia menor *herba d'as almorráns.*

Las hierbas que se acostumbran á nombrar más en gallego, son las siguientes:

Herba abelleira=Melisa.
Herba boa=Menta.
Herba d'a fame=Especie de algarroba que nace entre el trigo, á cuyo tallo se agarra hasta inclinarle.
Herba d'as paridas=Hierba de San Juan. (Prunella vulgaris.)
Herba d'a solda=Bálsamo de jardín.
Herba de Nosa Señora=Artemisa.
Herba d'o cego=Ortiga.
Herba d'o demo=Estramonio.
Herba d'o gando=Eléboro fétido.
Herba d'os carpinteiros=Que éstos aplican sobre las cortaduras. (Achillea millefolium.)
Herba leicteira=Para aumentar la leche de las vacas. (Entre otras la hierba triguera y el Llantén menor ó *correola* en gallego).

(1) Se dice este cantar de algún otro modo. La palabra *paxáros* á veces se dice *páxaros.*

(2) Mar del Orzán; pequeña ensenada al O. de la ciudad de la Coruña, notable muchos dias por su recio oleaje.

y as rapaciñas d'a vila
e'o meu *niño* logo dan. (nido)

59. Tèste ti por boa moza
con pendentes de coral;
mellor che fora ter vacas
que *bruasen* (1) n-o corral.

60. Tèste ti por moi sabido (2)
por moi sabido te *tès;* (tienes)
¡anque te tès por sabido,
moita sabencia non tès!

61. Todos los mozos d'ahora
